


AS COUSAS DA NOSA ESCOLA



Antón Fraguas

1905-1999

17 de maio de 2019

Día das Letras Galegas

Sumario

SUMARIO	03
EDITORIAL	04
AS NOSAS FESTAS	05-17
DÍA DAS LETRAS GALEGAS	18-19
COLABORACIÓN	
EDUCACIÓN INFANTIL 3/4 ANOS	20-23
EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS	24-27
1º DE PRIMARIA	28-29
2º DE PRIMARIA	30-33
3º DE PRIMARIA	34-35
4º DE PRIMARIA	36-37
5º DE PRIMARIA	38-39
6º DE PRIMARIA	40
ACTIVIDADES CULTURAIS	41-49
ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA	50-53
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	54-56
VIAXE FIN DE CURSO	57-61
ORLA DE GRUPO	62

Editorial

A ESCOLA RURAL

A escola rural non so ten un estilo propio de ensinar e aprender senón que cumpre a función social de fixar a poboación nun dos medios máis castigados polas sucesivas crisis.

Non garantan o futuro dos pobos, para iso fan faia programas e compromisos institucionais máis complexos, pero sí contribúen a prolongar a súa existencia. Por isto, débese defender, na medida do posible e o prudente, a existencia das escolas rurais, por moi pequenas que sexan, xa que con iso evítase a marcha dos xóvenes ás concentracións de maior poboación e que, aos poucos, se vaian desligando dos seus pobos.

Din que la escola rural é cara, e posiblemente sexa certo se o contemplamos como un gasto pero, se somos medianamente sensatos, chegaremos á conclusión de que non se trata diso, senón dun investimento posto que non podemos poñerlle prezo ao futuro.

En moitos casos as administracións non saben moi ben que facer con elas e nos atopamos con decisións contraditorias. Mentres en algunhas comunidades autónomas optan por protexer estes centros, outras favorecen a súa concentración e desaparición. Algunhas comunidades pechan escolas, outras as reabren e outras incluso baixan a ratio mínima establecida para evitar peches.

O que teñen que ter claro os nosos dirixentes é que as escolas do rural son os lugares de referencia ao ser a única institución educativa no pobo, polo que o seu papel é de grande importancia para a vida social (reunións de veciños, lugares onde se vai votar, celebración de festas populares, ...) e cultural (cine, biblioteca, teatro,...). O mantemento de

escolas é esencial para fixar poboación e o evitar o desarraigo da poboación é fundamental para manter as escolas. Cómpre afirmar, por outra banda, que e preciso que o rural se adapte tamén ás novas realidades económicas e sociais co obxectivo de transformalo e modernizalo para facelo atraínte e desexable, pero iso depende dun compromiso serio por parte das administracións competentes.

Amento aquel sabio dito popular que di que “un pobo sen escola é un pobo morto”. Sen o rural e sen o sistema educativo do rural, non hai futuro.

LETRAS GALEGAS 2019



O día das LETRAS GALEGAS dedicouse este ano a **Antón Fraguas Fraguas**

Fraguas Fraguas (Loureiro, Cotobade, 1905 - Santiago de Compostela, 1999) foi historiador, profesor e director e presidente do Museo do Pobo Galego, así como un dos fundadores da Sociedade de Lingua e membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos, no que inaugurou, baixo a dirección de Otero Pedrayo, os estudos de xeografía histórica.

O director: Rafa Rodríguez Martín

AS NOSSAS FESTAS



Festa do Outono











O Nadal






Dia da Paz





O Entroido











Día das Letras Galegas





Colaboracións


Educación Infantil 3 e 4 anos

CANCIÓN: O ABECEDARIO

O A ABRE UN AGASLLO



O BÉ BOLBORETINA



O C COLLEUNHA CENORIA



O D DALLA UNHA DONIVA



O E ESPERTAS ESQUÍOS



O F VAI NU NHA FOLLA



O G GARDAS GALIÑAS



O H XA ESTÁ NA HORTA



COI MIÑAN OS GATOS



OL LAVOU AS LENTELAS



COMIMOS MEDRANDO

CO TV NENOS



E NE NAS




O TEN UNHA MIBOCA




CO OLLA O OLLOMOL



NO P OS PAXAROS RIN



CO Q DO QUIQUIRIQU



O R D I X O L L E A R A P O S A



Q U E T I N A O S N A S A P A



O T T E N T O U A C H E G A R S E



E O U X A S E U L I S C A B A



E N T Õ N O V D A V A S O I R A



V O O U A T A O X D A X E S T A



E C O Z D E S T E Z U M E





FIXERON SOPA DE LETRAS

CO A B C D

C O E F G

CO H C O I C O L

C O M C O N C O Z

C O O C O P C O Q

C O R C O S C O T

C O U C O V

C O X C O Z

FAISE A SOPA DE LETRAS

Canción orixinal de Magín Blanco e Óscar Villán. A Mesa Pola Normalización.

Canción adaptada polas nenas e nenos da aula de 3 e 4 anos

do CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro.


Educación Infantil 5 años

Encaracolarte

"A CREATIVIDADE É A INTELIXENCIA DIVERTÍNDOSE" (EINSTEIN)

MANUEL BERMÚDEZ

CARACOL-CABALO



TIAGO




CARACOL-TORO

SERGIO

CARACOL-SERPE




DANIELA



CHUCHI

CARACOL-BOLBORETA


NEREA



ELI

CARACOL-ELEFANTE

ALICIA



COLITA

CARACOL-LEÓN


MIGUEL



TATA

CARACOL-LOBO

LEO



GURLES

CARACOL-LEÓN

NOA GONZÁLEZ



CARACOL-PORCO

ÁLEX



CARACOL-VACA

AITANA



CARACOL-ABELLA

MANUEL REGUEIRO



CARACOL-PEIXE

ÉDGAR



CARACOL-PITO

NOA COSTA



CARACOL-UNICORNIO

MARTA



CARACOL-PITO

LARA



CARACOL-RAPOSO

SAMUEL



CARACOL-CAN

E ASÍ CREAMOS E INVENTAMOS UNS NOMES PARA OS NOSOS ANIMAIS.



Primeiro de Primaria

Este tempo está tolo!

Sol en inverno, frío en primavera... que está pasando co tempo? Non sabemos! Pero este curso quixemos facer un pequeno estudio e recoller algún refrán relacionado cos meses, aínda que... algún non acerta moito!



Marzo marzolo, trebón e raiolo.



En abril augas mil.

En xaneiro, non te separes do braxiro



Febreirina curta,
coo sem 28,
se tivera máis catro,
non deixa can nin gata.



En xulla beber, sudar
e o fresco no balde buscar.



December mollado e xameiros ben xeados.

Por todos os Santos a neve nos altos, e por San Andrés, nos pés.




En agosto, frío no nastro

En maio, aínda a vella queima o tello.

Pola Santa Teresa, a chuvia trae auga a presas.



Setembro, ou secan as fontes ou levan as pontes.



Segundo de Primaria

AS PALABRAS
MAIS FERMOAS
DO GALEGO

LAR LARPEIRA DA BRÉTEMA BERCE
RULIÑA AVELAÑA
FOLIADA AMIZADE LEMBRANZA AGARIMO
BOLBORETA LEPICIA XOANIÑA
BICO LINGUA PARRULO
LABIRINTO CADELA
RULIÑA CHAMADA MENIÑA
APERTAS ESTRELA FEIRA
LARPEIRA LAREIRA
BELEZA PARABÉNS MORRIÑA
AGASALLO SORRISO
GRAZAS LARPEIRA BUXAINA
LIBERDADE CÓXEGAS
BIQUIÑO ANDORIÑA
EUXEBAE BRINCADEIRA ARRECENDO
SAUDADE DOZURA ALOUMIÑO

JAGALUM
CUSTO FUSCO
ESMOGA

BUSCA AS SETE DIFERENCIAS



MULTIPLICA x 2 y x 3 CON JESSIE

$$\begin{array}{r} 88 \\ \times 2 \\ \hline 176 \\ \text{GRIS} \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 118 \\ \times 2 \\ \hline 236 \\ \text{VERDE} \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 54 \\ \times 3 \\ \hline 162 \\ \text{NEGRO} \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 134 \\ \times 2 \\ \hline 268 \\ \text{LARANXA} \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 68 \\ \times 3 \\ \hline 204 \\ \text{MARRÓN} \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 107 \\ \times 3 \\ \hline 321 \\ \text{AZUL} \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 77 \\ \times 2 \\ \hline 154 \\ \text{AMARELO} \end{array}$$


$$\begin{array}{r} 64 \\ \times 3 \\ \hline 192 \\ \text{AZUL} \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 117 \\ \times 3 \\ \hline 351 \\ \text{ROJO} \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 45 \\ \times 3 \\ \hline 135 \\ \text{ROSA} \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 77 \\ \times 3 \\ \hline 231 \\ \text{VIOLETA} \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 140 \\ \times 3 \\ \hline 420 \\ \text{MARRON} \\ \text{ESCURO} \end{array}$$



CALIGRAMAS

2º DE PRIMARIA

Quédate Tranquila QUE É BO candidato
Estudiu erguma, leis e lo trato.
Digam o que digan e
un aparello. Para
min non acaba
nin o lacharelato. Todo o meu destino
nosta nun Barato. Principe herdeiro pero
mentecato.
Como eu falaba
outros
RUA
trinta e
catros.


Ser parece ser pero...
É soñar.

Cambiar
, sentir, crecer, pensar,
abrir
liberar

Investigar, iluminar
conectar
ser, crecer,
compartir etc...

Terceiro de Primaria

ATOPA AOS DE TERCEIRO



ADRIAN
AINHOA
ALEJANDRO
ANA
ANTIA
BRAIS
CELIA
FRANCISCO
HECTOR
HELENA
LUCIAGARCIA
LUCIATHULE
MANUEL
MAURO
MIREIA
NICOLAS
NOA
SAUL
TEO



PINTA AS 4 CASAS DE HOGWARTS DOS LIBROS DE HARRY POTTER



Cuarto de Primaria

POESIA PRIMAVERAL

Este ano, os nen@s de 4º convidámosvos a que fagades un poema adicado á Primavera. Nos fixemos o noso, e pasámolo xenial. É moi fácil, só tedes que seguir estes pasos:

1 Eliximos palabras que nos gusten da primavera. As palabras elixidas foron...

BOLBORETA - FLORES - XOANIÑA - SOL.

BOLBORETA

Trompeta

Seta

Galleta

Violeta



SOL

Xirasol

Marisol

Caracol

Charol



XOANIÑA

Mañanciña

Pequeniña

Feitiña

Casiña



FLORES

Amores

Cores

Dores

Olores



2 Buscamos palabras que **rimen** con elas. Pero non vos preocupedes!!! Se non se che ocorre ningunha emprega este buscador de rimas

<https://buscapalabras.com.ar/>

Nos atopamos estas palabras.

3 Agora que xa temos unha chea de palabras, construímos frases sinxelas, e dicir, **versos**. Por exemplo:

*E tomaban o sol,
coa flor Marisol.*

*Lila, a xoaniña,
era moi pequeniña.*

*Había moitas flores,
con moitos olores.*

4 E xa por último, só nos queda **dar sentido** ao poema xuntando os versos que creamos anteriormente. Se temos que cambiar algunha palabriña, non dubidedes en facelo.

Xuntaremos os versos de catro en catro, e dicir, crearemos **estrofas** de 4 versos.

Para facer que rimem entre eles, escolleremos calquera destas catro fórmulas:

A	A	A	A	A
B	B	B	A	B
B	A	A	B	C
A	B	A	A	B

E VELAQUÍ TEDES OS POEMAS TAN BONITOS QUE FIXEMOS OS
NENOS DE 4º!!!

*Cada vez que sae o Sol,
a bolboreta está contenta,
ponse a xogar co grilo,
e comen chicle de menta.*

*Estaba na verza o caracol,
cando atopou unha xoaniña,
sacou os cornos ao Sol,
porque era ben feitiña.*

*Aquela fermosa bolboreta,
que ten tantas cores,
ademáis de ser unha atleta,
toca moi ben a trompeta.*

Leo, X. Antonio e Sheila

"OS ANIMAIS DO SOL"

Autores: Leo, Xosé Antonio e Sheila



*Vexo, aló ao lonxe, unha bolboreta,
que cando se pon o Sol,
e agocha os cornos o caracol,
baila ao son dunha trompeta.*

*Nunca vin unha xoaniña,
que tivera tanta morriña,
pásame a min tamén,
cando marcho da casiña.*

Iria e Aarón

"MAIO"

Autores: Iria e Aarón



*Aquela fermosa bolboreta,
pousouse nunha doce seta,
a póbriña esvarou,
e fixo unha pirueta.*

*No meu xardín,
teño moitas flores,
régoas todo o ano,
con lindos aspersores.*

*Ós paxaros cantores,
gústanlle moito as flores,
onde vive a linda bolboreta,
raíña dos meus amores.*

Darío e Olivia



"EXPLOSIÓN PRIMAVERAL"

Autores: Darío e Olivia

Quinto de Primaria

DEBERES PARA O VERÁN

PARA FAMILIAS E MESTRES



XUÑO

- CONTEMPLA UNHA POSTA DE SOL E UN AMENCER.
- DÁ FORMA ÁS NUBES.
- PASEA POLO MONTE.
- CONSTRÚE UNHA CABANA.
- COME UNHA FROITA RECÉN COLLIDA DA ÁRBORE.
- GOZA MIRANDO FOGOS ARTIFICIAIS.



XULLO

- COLLE CUNCHAS OU PEDRAS ESPECIAIS.
- CONSTRÚE CASTELOS DE AREA, PISCINAS, MUROS...
- DIVÍRTETE CON GLOBOS DE AUGA.
- ESCRIBE UN DIARIO PARA LEMBRAR O MELLOR DO VERÁN.
- VISITA UN LUGAR QUE NON COÑEZAS.
- OCÚPATE POLO MENOS DE DÚAS TAREFAS DO FOGAR.

AGOSTO

- MIRA AS ESTRELAS E BUSCA ALGUNHA CONSTELACIÓN.
- ESCRIBE UNHA CARTA OU POSTAL AOS QUE BOTES DE MENOS.
- VOA UN PAPAVENTOS.
- APAGA TODOS OS TEUS DISTRATORES (TABLET, TELE, MÓBIL...)
- LE CONTOS, CÓMICS, LIBROS, REVISTAS...
- APRENDE A XOGAR A UN XOGO DE MESA OU DE CARTAS NOVO.



SETEMBRO

- DISFRÁZATE E DEIXA VOAR A TÚA IMAXINACIÓN.
- FAI UNHA RUTA EN BICI OU EN PATÍNS.
- PINTA E DECORA PEDRAS
- TÍRATE Á AUGA DA PISCINA OU DO MAR E SALPICA MOITO.
- FAI LIMOADA, XEADOS E POLOS CASEIROS.
- DÁ TODOS OS DÍAS POLO MENOS TRES FORTES ABRAZOS.



E UN CONSELLO PARA OS QUE VOS ESTADES A FACER MAIORES...

NUNCA DEIXEDES DE SER NENAS E NENOS NO VOSO INTERIOR.
NUNCA PERDADES ESA CAPACIDADE DE SORPRENDERVOS
CON COUSAS COAS QUE ALGÚNS NON SE SORPRENDERÍAN EN
ABSOLUTO.

SER PEQUENO MOLA E FACERSE MAIOR É A CAÑA; SEDE
RESPONSABLES PERO NUNCA ABANDONEDES ESA NENA OU
NENO QUE TEDES DENTRO. PORQUE SEREDES MOITO MÁIS
FELICES CON VIVENCIAS EMOCIONANTES.



Sexto de Primaria



“Cando cheguei atopábame moi ben, na metade atopeime pensativo e agora que marcho atópome moi ben outra vez” (R)

“Cando empecei estaba asustada por empezar e agora estou asustada por marchar”(M)

“ Cando comecei encontrábame moi feliz, e cando marche sentirei un baleiro no meu corazón” (C)

“Miña naiña, como pasa o tempo! Aínda é coma se fose onte, cando en infantil me peguei un trompazo por non sentarme ben, como me dixo Ana”(X)

“Cando puxen un pé nesta escola sentíame un pouco incómoda, e agora non quero abandonala” (A)

“Nada máis espertar estaba contenta por comezar o cole, e agora non me quero despedir del” (C)

“O meu primeiro día de cole sentíame moi ben cos meus compañeiros, e agora que vou marchar síntome triste por abandonalos” (Ma)

“Sentía moita inseguridade cando cheguei ao cole por primeira vez, coma vai ser na secundaria. Dáme moita pena marchar dun cole que me ensinou tantas cousas da vida, e vaime dar moita pena perder aos compañeiros que tanto me fixeron rir” (E)

“Síntome moi ben por todas as risas, por todos os enfados, por todos os choros, pero sobre todo polo que aprendín” (Cl)



Actividades Culturais



PROGRAMA ATRÉVETE

VISITA A "TALLERES DUBRA"

Entrevista a Silvia Dubra Bermúdez



"Ao meu pai apaixonáballo a mecánica e, como non había un negocio semellante pola zona, abriu Talleres Dubra."

ESTA EMPRESA
FUNDOUSE NO
ANO 1984.

Quen fundou esta empresa?

ENTREVISTA REALIZADA POLO ALUMNADO DE 5º E 6º

O alumnado de 5º e 6º realizou una saída a negocios da nosa contorna para coñecer o seu funcionamento e afondar máis na temática empresarial dentro do marco do Programa Atrévete.

Nesta ocasión fomos visitar "Talleres Dubra" e "Muebles Fraga". Os nosos nenos e nenas fixeron una vez máis de reporteiros e reporteras facendo as delicias das empresarias da zona.

P: Quen fundou esta empresa e en que ano?

R: Foron os meus pais, arredor do ano 1984.

P: Como xurdiu a idea de montar este negocio?



R: Ao meu pai apaixonáballe a mecánica e, como non había un negocio semellante pola zona, abriu Talleres Dubra.

P: Cantos empregados traballan nel?

R: Todos os da casa.

P: En que se basea o voso traballo?

R: Na venda e reparación de maquinaria: a firma obriga a ter este servizo.

P: A día de hoxe, a xente prefire arranxar as máquinas ou mercar outras novas?

R: Depende do cliente, mais xeralmente repáranse.

P: Cambiaron moito as máquinas desde que se puxo en marcha a empresa?

R: Moitísimo: no consumo, nas prestacións, no peso... Agora hai unha tecnoloxía que reduce emisións e consumo.

P: E os intereses dos clientes, tamén cambiaron co tempo?

R: Si, moito. Hoxe en día queren o mellor e moi barato.

P: En que época do ano tendes maior volumen de vendas?

R: Na primavera e no outono.

P: Por que din que "Stihl" é o número un do mundo?

R: Porque son as máquinas con tecnoloxía punta e cos mellores enxeñeiros.

P: Do 1 ao 10, que grao de satisfacción posúes co negocio?

R: Un 9 tranquilamente.

P: Tiveches algún momento de saturación a nivel psicolóxico por mor do negocio?

R: Hai veces que si, hai xente que ten moi pouca paciencia... Por exemplo, se traen unha máquina que leva tres meses sen funcionar xa a queren ter arranxada ao día seguinte...

“

"As máquinas cambiaron moitísimo: no consumo, nas prestacións, no peso... Agora hai unha tecnoloxía que reduce emisións e consumo."

VISITA A "MUEBLES FRAGA"

ENTREVISTA A M^a CARMEN FRAGA GARCÍA



"Levamos 44 anos vendendo mobles tanto na provincia da Coruña como fóra da mesma: Ourense, Pontevedra e, sobre todo, en Madrid. Tamén en Portugal."

UN ESTABLECEMENTO CON 5 PLANTAS E VARIAS SECCIÓNS:

COCIÑA, BAÑO, DESCANSO, RESERVAS E ÁREA DE XOGOS

P: Canto tempo levades vendendo mobles?

R: 44 anos.

P: Quen fundou esta empresa?

R: O meu pai e a miña nai.

P: Por que escollestes esta actividade empresarial e non outra?

R: O meu avó quería unha funeraria, pero a avoa non lle deixou.

P: Como xurdiu a idea de montar este negocio?

R: Porque había necesidade de mobles nesta zona.

P: Sempre traballastes neste local?

R: Empezamos na esquina, onde estaba ata hai pouco a Librería "Coordenadas".

SEMPRE COA MESMA ILUSIÓN

P: Que tal vos foi nos primeiros anos desde a inauguración?

R: Moi ben. Moito traballo, beneficios e sempre coa mesma ilusión.

P: Canta xente traballa neste negocio?

R: Catro persoas máis autónomos.

P: En que se basea o voso traballo?

R: É moi bonito: trátase de axudar á xente a atopar mobles para o seu fogar. Temos unha cuadrilla de traballadores que fan a obra que demandan os clientes.

P: Realizades as vosas vendas só na provincia da Coruña ou tamén no resto de Galicia? E fóra de Galicia?

R: Na provincia e fóra da provincia, incluso en Portugal. Vendemos en Ourense, Pontevedra e, sobre todo, en Madrid.

P: Normalmente os clientes veñen coas ideas claras?

R: Agora sí, porque se informan por Internet. Pero vendo máis ideas trocan a que tiñan inicialmente.

P: En que época do ano tedes máis volume de vendas?

R: Isto cambiou moito: antes eran os meses de xuño e xullo e tamén en inverno, pero agora é en calquera época do ano.

P: Cantos mobles vendestes esta semana?

R: Esta semana saíron varios mobles xuvenís, dúas cociñas e varios sofás.

P: Vendedes máis por catálogo ou exposición?

R: Os clientes precisan exposicións para ver os mobles, pero por catálogo tamén collen ideas. Precisamos dos dous.

P: Canto tempo levades na empresa?

R: Eu levo 21 anos.

P: Que estudos fixestes para poder levar esta empresa con éxito?

R: Fixemos Deseño de Interiores e estudos de Administración de Empresas e Contabilidade.

Así rematamos a nosa rolda de preguntas ás empresarias da zona. Foi un pracer pasar este tempo con elas e aprender tanto dos seus negocios e da súa vida ao fronte dos mesmos.

Moitas grazas por todo.



"O noso traballo é moi bonito: trátase de axudar á xente a atopar mobles para o seu fogar"

M^a Carmen Fraga

 **Muebles Fraga**

"Visita ao CFP Someso"

O 15 de marzo visitamos o CFP de Someso. Aprendemos cousas acerca do que é emprender, que é unha idea de negocio, a persistencia, o traballo en equipo e o liderazgo... entre outras cousas. visitamos as aulas de Edificación e Obra Civil, Imaxe Persoal, Madeira e Mecánica.



Visita a Aula da Natureza

O día 12 de abril, todo o alumnado do centro e os seus docentes, asistiron a unha visita á Aula da Natureza de Cerceda, invitados polo Concello.



Exhibición Solidaria

O mércores 8 de maio fomos a Brión, a participar nunha "Exhibición Solidaria" das forzas de seguridade. Montamos na motos e coches da Garda Civil, vimos un equipo de rescate en acción, coñecemos tres super cans entrenados para olfactear calquera cousa... unha maravilla!!!





Horta Escolar



Este ano comezamos un proxecto novo para todo o alumnado da escola: unha horta. Si, si... o que oídes!!! Os nen@s do Celso Emilio Ferreiro convertémonos en agricultores. **Josefa Bello Pena** emprestounos un invernadoiro moi grande no que plantamos leitugas, fabas, guisantes, tirabeques, tomates, pementos, melóns... Gracias a ela, a ANPA da escola, máis á coordinación de Nestor de "Horta da Louza", poderemos degustar dunhas riquísimas verduras neste verán.





Simulacro de Evacuación



O día 14 de maio, fixemos un simulacro de evacuación do centro. Tranquilos, non pasou nada!!!
Simplicitemente foi un SI-MU-LA-CRO!!! Logo aproveitamos para coñecer un pouco mais de cerca
o traballo que desenvolvido polos bombeiros de Ordes.



Actividades de Biblioteca

CARTAS DENDE A BIBLIOSILVA

OUTUBRO 2018

Son **Silviña**. A nova mascota da biblioteca. Inventáronme dúas alumnas: Helena, que me debuxou; e Antía que me puxo o nome. E gracias a elas, escribo esta carta. Neste mes tiven moito traballo. Non coñecía o colexio, nin os nenos, nin a biblioteca, nin os profes, nin as familias. O día 24, día das **bibliotecas escolares**, presentáronme en sociedade. Que ledicia.



NOVEMBRO 2018

Cada ano, dende a biblioteca lévase a cabo un proxecto de centro. Este ano toca **CONTOS DE CINE**. Co que me gusta a min o cine. Todas as portas das aulas atópanse decoradas co conto que lle tocou. Canto traballiño pasan para que lle queden ben xeitosas. Novembro é un mes moi intenso. O lema da biblioteca para este mes é: **NO OUTONO, HALLOWEN, SAMAIN LE SEN MEDO**. Participamos no concurso **MARCA E GAÑA DE OUTONO**. Como premio unha madalena para cada un; hai que repoñer forzas. Teño moita sorte: os alumnos e alumnas de quinto, axúdanme nas tarefas da biblioteca.



P.D. poñemos en marcha unha actividade chamada **AS FAMILIAS CONTAN MOITO** e que disque vai durar todo o curso. Que marabilla, canto se esforzan, que ben o fan. E canto llo agradecemos...





DECEMBRO 2018

Chega o nadal. E empezan as vacacións. Aínda non sei a onde irei, pero o que si sei seguro é que mercarei algún libriño dos que vin nas **recomendacións** que os nenos e nenas levan para a casa. As **MOCHILAS VIAXEIRAS** triunfan nos fogares a onde chegan.



XANEIRO 2019

Dedicamos todo mes a celebrar a paz. Para iso hai unha magnífica exposición ao pé da biblioteca. Chámase **LEMOS POLA PAZ**, e facémolo de verdade. Nos recreos nunca estou sola: moitos nenos e nenas están comigo: len, debuxan, escoitan. Elaboramos entre todos un **PAZCIONARIO** con palabras de paz e debuxos ben fermosos.



FEBREIRO 2019

O mes do **AMOR E DA AMIZADE**. Exposición nova e moi requetearmosa. Celebramos a primeira sesión das **LECTURAS APADRIÑADAS**. Os padriños e os afillados escriben unha postaliña de amor e amizade. Artistazas todos. Como ten que ser. Participamos no **xogo do intruso** e como todos o fixemos moi, moi ben; recibimos un **sacapenas** chegado dende moi lonxe.



MARZO 2019

Empeza a primavera e dedicamos todo o mes á **POESÍA**. Canto disfruto vendo aos meus amiguiños cos **susurradores** que temos de atrezzo na exposición. A nosa **ÁRBORE DA POESÍA** enchese de follas e flores fermosísimas; follas e flores con poesías de: OS TRES PORQUIÑOS, O LIBRO DA SELVA, PETER PAN, HARRY POTTER, O FRAUTISTA DE HAMELÍN, ALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS, e de A VOLTA AO MUNDO EN OITENTA DÍAS.



ABRIL 2019

Chega abril. E **EN ABRIL, LIBROS MIL**. Para celebralo facemos a segunda sesión das lecturas apadriñadas. E tamén un **MERCADIÑO SOLIDARIO**. No noso mercadiño, non fan falta cartiños; solo libros e alimentos. Canta xenerosidade. Somos os mellores. Todos os alimentos son para **CÁRITAS ORDES**. Que contentos van con eles...



P.D. Ademais elaboramos entre todos un libro - xogo titulado **MESTURANDO PERSONAXES**, para regalarllo aos alumnos do **CPI O CRUCE**, o noso cole veciño.



MAIO 2019

Que ledicia: maio é o mes dedicado ás **LETRAS GALEGAS**. Propóñovos adiviñar un libro moi importante da nosa terra, escrito en galego por un home galego. **Cal será?**. Ademais, e para rematar o proxecto, entre todas as aulas facemos o libro viaxeiro: **QUE PASARÍA SE...** e presentámolo o día do festival. Que ben nos quedou... somos do melloriño.



P.D. Queda xuño e remata o curso. Canto aprendín con todos vos e que **SUPERREQUETEBÉN** o pasei. No verán ei facer unha longa viaxe. Teño que cargar as pilas a tope para volver en setembro con moreas de sorpresas. **BIQUIÑOS E ABRAZOS PARA TODAS E TODOS!!!!!!**

SILVIÑA

Actividades Deportivas



Xoves Olímpicos



Unha vez máis repetimos a experiencia dos Xoves Olímpicos (enmarcados dentro do Plan Proxecta), xa que ademáis de divertidos, consideramos que é unha actividade da que podemos sacar moitísimos beneficios.

Durante todos os xoves do curso e de 1º a 6º, realizamos uns xogos por equipos de tal xeito que cada equipo contiña, aló menos, un rapaz/a de cada curso máis un mestre/a ou conserxe. O sistema de competición foi de LIGA (todos contra todos). Os países escollidos foron illas do mar Caribe.

JJOO – 3º TRIMESTRE- ILLAS							
ILLA MARSHALL	ILLAS SALOMÓN	ILLAS MAURICIO	ILLAS MALVINAS	ILLA SANTA LUCÍA	ILLAS DE SAN VICENTE	ILLA DE TRINIDAD Y TOBAGO	ILLA DE HAITÍ
CANDELA 6º	ANTÍA M. 6º	ELISEO 6º	MATEO 6º	CARLA B. 6º	RODRIGO 6º	Mª MOAR 6º	XIAO 6º
ROMEO 5º	BRAIS 5º	ALBA GARC. 5º	CLAUDIA A. 6º	MARTÍN 5º	ANTÍA F. 5º	CARLA S. 5º	YAGO 5º
SHEILA 4º	OLIVIA 4º	LEO 4º	DARÍO 4º	IRIA 4º	JOSÉ ANTONIO 4º	AARÓN 4º	CELIA 5º
HELENA 3º	LUCÍA THULÉ 3º	MIREIA 3º	AINHOA 3º	ALEJANDRO B. 3º	NICOLÁS 3º	CELIA 3º	ADRIAN 3º
MANUEL L. 3º	LUCÍA G. 3º	MAURO 3º	ANA RODR. 3º	HÉCTOR 3º	NOA G. 3º	SAÚL 3º	ANTIA V. 3º
NOA CANEDO 1º	Simón Garc. 2º	XAVI CAAMAÑO 1º	BRAIS BARDANCA 3º	Héctor 2º	Andrea 2º	TEO BUCETA 3º	Daniela 2º
ROMEO REY 1º	DAYAN 1º	GAËL AL. 1º	SIMÓN PENA 1º	ROI RAMA 1º	GONZALO PORTO 1º	GABRIELA SEÑ. 1º	PATRICIA SANTOS 1º
DARÍO 1º + SUSO MARIÑA	RAFA PATRICIA GENDE	PATRI GZ. ALBERTO	TERESA PEPE	LUCÍA DOV. ANTÍA 2º	FRANCISCO SILVIA	AGUSTÍN MONSE	NIEVES ANA

A continuación, deixámosvos o resultado do 3º Trimestre:


Clasificación final			PUNTOS FINAIS	
	Países		PUNTOS A FAVOR	7ª xornada
1º	ILLAS SALOMÓN		439	18
2º	ILLA DE TRINIDAD Y TOBAGO		454	17
3º	ILLAS MALVINAS		378	16
4º	ILLA DE HAITÍ		376	16
5º	ILLAS DE SAN VICENTE		365	16
6º	ILLA MARSHALL		373	15
7º	ILLA SANTA LUCÍA		387	12
8º	ILLAS MAURICIO		403	10







O 10 de xuño fomos ata Padrón a desfrutar do "Galipark Multiaventura". Foi un día moi completo, cheo de experiencias novas e de amizade cos compañeir@s do colexio. Non descansamos nada, e senón mirade...












Ata o vindeiro ano





**Equipo
de Dinamización
da Lingua Galega**

LETRAS GALEGAS